



Antón Vidal Andión
PRESIDENTE

Vigo, 28 de xuño 2019

Prezada/o accionista:

Como é preceptivo, o pasado día 21 do mes que andamos, celebramos a Xunta Xeral de accionistas, para examinar, entre outros asuntos, as contas anuais do exercicio 2018, que resultaron aprobadas por unanimidade.

Como fixen neste últimos anos, paso a salientar os principais fitos acontecidos no ano 2018:

Por segundo ano, o resultado das contas foi positivo. Pódese consultar o balance, a conta de resultados e a memoria económica completa na páxina web www.editorialgalaxia.gal.

Rematamos o ano con menos importe neto da cifra de negocios que no exercicio 2017 (un 1,73%), pero mantivéronse as vendas dos libros de Galaxia e a produción allea, aínda que os ingresos por outros conceptos (libros de distribución, Gatapedro, Mar Maior, publicidade, enxeñería cultural, ingresos por cesión de dereitos...) foron menores que no ano anterior.

Malia esta redución na cifra de negocio, as importantes minguas, tanto nas contas de aprovisionamentos como en varias contas do grupo doutros gastos de explotación, así como nas amortizacións do inmovilizado, propiciaron que o resultado deste ano 2018 fose de 25.922,90 euros positivos despois de impostos, fronte aos 4.115,53 euros despois de impostos do ano 2017. Un 629,88% máis.

No ano 2018 editáronse 78 novidades e 3 reedicións en papel (81 títulos e 89.997 exemplares). Todos en galego. Ademais, tiramos en edición dixital 68 títulos (en todos os casos existía xa a edición en papel).

O catálogo de libros vivos en papel alcanza os 1.707 títulos e o catálogo de edicións dixitais en formato e-pub consta de 349.

No eido da Comunicación, centramos os nosos esforzos un ano máis nas redes sociais e no traballo coa nosa web. A día hoxe, Galaxia é a editorial líder en Galicia en número de seguidores en Facebook, con preto de 15.000 persoas léndonos diariamente na páxina “Falamos de libros”. A este dato, sumárase unha audiencia de case 9.000 perfís seguíndonos en Twitter (@EdGalaxia), e máis de 3.000 en Instagram (@galaxiaeditorial). Todo isto sen descoidar a nosa presenza nos medios tradicionais de comunicación: prensa escrita, radio, televisión etc. Cubrindo deste xeito todas as canles de prescrición literaria e información cultural.

En 2018 consolidouse tamén o Premio Illa Nova de Narrativa para autoras e autores menores de 35 anos, que acadou a súa terceira edición cunha gran repercusión en medios e cunha ampla participación. Ademais, a última novela gañadora publicada, *Senlleiras*, de Antía Yáñez, foi un dos grandes éxitos editoriais do pasado ano e leva vendidos xa máis de 2.500 exemplares, demostrando non só a viabilidade do premio, senón tamén a demanda de talentos novos por parte do público lector.



Antón Vidal Andión
PRESIDENTE

No apartado dos premios seguimos editando algúns clásicos, como o Manuel García Barros, o Repsol de Narrativa Breve, o Ramón Piñeiro de Ensaio, e incorporamos outros de recente creación: Os Viadutos, o Premio de Teatro Roberto Vidal Bolaño e o de Narrativa Infantil, Carlos Mosteiro. Así como o Premio Reto Lector, dirixido aos centros de ensino.

Estes resultados non serían posibles sen a implicación de todos os traballadores da editorial, así como dos seus órganos de administración. Os esforzos dos traballadores destes anos son os que fixeron posible revertir a situación da empresa, pois aínda a día de hoxe non todos recuperaron a súa estabilidade salarial. Grazas a todos eles pola súa entrega e comprensión coa idea.

Así as cousas, podemos dicir que neste ano pasado consolidamos a estabilidade orzamentaria. Agora ben, como xa comentamos noutras ocasións, os tempos actuais para a lingua e a cultura galega son moi difíciles, causas todas elas que están na mente de todos, de aí o milagre de que Galaxia teña a vitalidade que ten.

Non quero deixar a ocasión de emplazarvos para o ano que vén (2020), cando conmemoraremos o 70 aniversario da editorial e tamén o centenario da Xeración Nós, da que nos sentimos herdeiros. Non debemos esquecer que o noso primeiro presidente foi Ramón Otero Pedrayo, baril representante de quen nos precederon na defensa do galeguismo.

Nos meses vindeiros irémosvos dando conta dos diferentes actos e accións de conmemoración do aniversario.

Con o noso afecto galeguista,

Antón Vidal Andión
(Presidente)